

REGULAMENTO XERAL



ÍNDICE:

INFORMACIÓN XERAL	3
Art. 1 - DATA	3
Art. 2 - HORARIO	3
Art. 3 – CIRCUÍTO	3
ART. 4 - CONTROL TÉCNICO DA CARREIRA	4
Art. 5 – SISTEMA DE CRONOMETRAXE	4
Art. 6 - UTILIZACIÓN DE DORSAIS E CHIPS	4
Art. 7 – UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS	5
Art. 8 - DESCUALIFICACIÓNS	5
Art. 9 - PECHE DE CONTROL DA CARREIRA	6
CATEGORÍAS E INSCRICIÓN	6
Art. 10 – CATEGORÍAS FEMININA E MASCULINA	6
Art. 11 – INSCRICIÓN E COTA	8
Art. 12 - DEVOLUCIÓN DA COTA	9
SERVIZOS A PARTICIPANTES	9
Art. 13 - ENTREGA DE DORSAIS E CAMISETAS	9
Art. 14 – CAIXÓNS DE SAÍDA	10
Art. 15 – ASEOS, DUCHAS E GARDARROUPA	10
Art. 16 – AVITUALLAMENTOS E RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS	10
Art. 17 - SERVIZOS MÉDICOS	10
Art. 18 – CLASIFICACIÓNS	11
PREMIOS E TROFEOS	11
Art. 19 – PREMIOS ECONÓMICOS	11
Atletas con nacionalidade española (premio non acumulable) ⁽¹⁾ :	12
Atletas galegas/os (premio non acumulable) ⁽²⁾ :	12
Atletas coruñesas e coruñeses (premio non acumulable) ⁽³⁾ :	13
NORMAS RELATIVAS A TODOS OS PREMIOS	13
Art. 20 – ENTREGA DE TROFEOS	14
CARREIRAS DE MENORES	15
Art. 21 - INSCRICIÓNS	15
Art. 22 - CATEGORÍAS, HORARIOS E DISTANCIAS	15
Art. 23 - ENTREGA DE DORSAIS E CAMISETAS	16

Art. 24 – TROFEOS	17
RESPONSABILIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS	18
Art. 25 – RESPONSABILIDADE	18
Art. 26 – LOPD	18
Art. 27 – COMPROMISO	20
CONSIDERACIÓN FINAL	21

INFORMACIÓN XERAL

A organización, o Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios, logo do acordo previo entre ambas as partes, e que serán comunicados e difundidos entre as persoas inscritas, para o seu coñecemento.

ART. 1 - DATA

O Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizarán o **4 de outubro de 2026** na Coruña a **XX Carreira Popular Coruña10**. A proba, incluída no calendario oficial das competicións da FGA e a RFEA, disputarase a través dun circuíto totalmente urbano.

ART. 2 - HORARIO

A carreira comezará ás **10.00 h.**

ART. 3 – CIRCUÍTO

A proba levarase a cabo sobre a **distancia de 10 km**. O **percorrido** está **medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo** e discorre sobre asfalto na súa totalidade. A **ruta** estará debidamente **sinalizada e terá marcados todos os quilómetros**.

A carreira realizarase unicamente pola vía de tráfico rodado en todo o seu percorrido. Está prohibido usar como zona de carreira as beirarrúas, rotondas, áreas axardinadas etc. O incumprimento desta regra, así como atallar o trazado oficial, pode implicar a descualificación das persoas infractoras.

A organización poderá modificar o percorrido por causas alleas e/ou de forza maior.

ART. 4 - CONTROL TÉCNICO DA CARREIRA

A carreira estará controlada polo **Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA**.

ART. 5 – SISTEMA DE CRONOMETRAXE

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces e da RFEA. Todas as reclamacións deberánselle facer verbalmente ao xuíz árbitro da proba ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A cronometraxe realizarase mediante o **sistema de chips**. Haberá varios puntos de control de chips ao longo de todo o percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos poderán ser descalificadas coa consecuente non aparición nos resultados finais.

ART. 6 - UTILIZACIÓN DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais con chips integrados, persoais e intransferibles son exclusivos desta carreira e débense colocar na parte frontal do corpo de maneira totalmente visible, sen ocultar e sen manipulacións, e mantelos así durante toda a proba.

Os dorsais contarán cun código QR a través do cal as persoas que cheguen á meta (*finishers*) poderán consultar os seus rexistros de forma instantánea.

A organización non admitirá persoas corredoras que non estean rexistradas ou que corran sen dorsal e/ou chip, e impediralles ter acceso á carreira en defensa dos dereitos daquelas regulamentariamente rexistradas. Non se permitirá participar co dorsal e o chip correspondente a outra carreira ou persoa, con máis dun dorsal e/ou chip, dorsal falsificado ou outro que non sexa o oficial.

Calquera infracción destas regras implicará a descalificación das persoas afectadas na proba. A organización resérvase o dereito de excluílas da participación en futuros eventos.

ART. 7 – UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo, coa única excepción das persoas corredoras en cadeira de rodas debidamente rexistradas e que cumpran as normas do *World Para Athletics*. Calquera dúbida a respecto diso deberá ser consultada coa organización antes de facer a inscrición a través do correo electrónico info@carreirasgalegas.com

Non está permitido o acompañamento en ningún momento da proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non rexistradas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcarlles ritmos ás persoas participantes.

Ao mesmo tempo, non se permite a participación con coches ou cadeiras de bebés, nin correr acompañados destes en ningún momento, así como tampouco está permitida a participación con animais, nin correr acompañados destes en ningún momento, coa única excepción dos **carros de running ***.

*A participación con **carro de running** deberá estar xustificada unicamente para levar unha persoa con discapacidade motora grave (que non lle permita á persoa con discapacidade trasladarse polos seus propios medios físicos), entendendo nestes casos como participante sempre a persoa que empurra o carro (dentro da categoría que lle corresponda), e non a persoa que vai no carro.

Igualmente, será obrigatorio acreditar a discapacidade da persoa que vai no carro, enviándolle unha copia da tarxeta acreditativa da discapacidade á organización, de forma que quede acreditado o envío, ao correo electrónico info@carreirasgalegas.com. A inscrición desta persoa, que irá con dorsal sen chip, será gratuíta. Para iso deberán contactar coa organización a través do correo electrónico info@carreirasgalegas.com.

Calquera infracción destas características poderá supoñer a descualificación da persoa participante.

ART. 8 - DESCUALIFICACIÓNS

As persoas membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira, os/as participantes que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Os/as xuíces/xuízas da proba terán a facultade de descualificar o/a infractor/a que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou llo ceda a outra persoa, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas da FGA, RFEA, WA e IPC.

As persoas corredoras descualificadas non terán opción a premios nin trofeos.

ART. 9 - PECHE DE CONTROL DA CARREIRA

O tempo de realización máxima da carreira será de **1 hora e 30 minutos**.

Ao cumprirse este tempo, todas as persoas que aínda continúen no circuíto deberán retirarse e trasladarse á zona peonil. Serán consideradas **“fóra de carreira”** e **non figurarán nas clasificacións**.

Se deciden continuar, estarán a facelo baixo a súa exclusiva responsabilidade, e deberán cumprir en todo momento coa normativa de tráfico e seguridade viaria.

CATEGORÍAS E INSCRICIÓN

ART. 10 – CATEGORÍAS FEMININA E MASCULINA

- **Sub 20**, nados/as en 2007 e 2008
- **Sub 23**, nados/as en 2004, 2005 e 2006
- **Sénior**, nados/as desde 2003 ata os 34 anos
- **Máster 1**: de 35 a 39 anos cumpridos o día da proba
- **Máster 2**: de 40 a 44 anos cumpridos o día da proba
- **Máster 3**: de 45 a 49 anos cumpridos o día da proba
- **Máster 4**: de 50 a 54 anos cumpridos o día da proba
- **Máster 5**: de 55 a 59 anos cumpridos o día da proba
- **Máster 6**: de 60 a 64 anos cumpridos o día da proba
- **Máster 7**: a partir de 65 anos cumpridos o día da proba
- **Atletas con discapacidade***: nados/as en 2008 e anos anteriores



*Atletas con discapacidade: establécense tres categorías para atletas con discapacidade:

- A) **Atletas en cadeira de rodas** que non teñan mecanismos nin engrenaxes que axuden á impulsión das ditas cadeiras. Tan só está permitido o impulso cos brazos sobre o aro adherido á roda.
- B) **Discapacidades visuais**
- C) **Discapacidades intelectuais**

No momento da inscrición débennlle comunicar esta circunstancia á organización, así como se desexan entrar na clasificación de atletas con discapacidade. No caso de non indicalo figurarán na táboa xeral de tempos.

Para acreditar a pertenza a algunha destas categorías hai que enviarlle unha copia da tarxeta acreditativa de discapacidade á organización, de forma que quede acreditado o envío, ao correo electrónico info@carreirasgalegas.com

As persoas participantes con discapacidade visual ou intelectual farán constar os apoios que necesitan para participar na carreira nas mellores condicións posibles. Permitirase un máximo de 2 guías para os e as atletas con discapacidade visual. O uso de guías ou, no caso de participantes con discapacidade intelectual, de atletas de apoio, debe comunicárselle con antelación á Federación Galega de Atletismo, así como o punto quilométrico exacto onde se van situar os/as guías das persoas corredoras con discapacidade visual para facer a remuda.

A participación das persoas guías e das persoas de apoio, que irán sen chip, será de balde, para o que deberán contactar coa organización a través do correo electrónico info@carreirasgalegas.com

A organización resérvase o dereito de incluír algunha categoría promocional durante a carreira, que terá unha normativa específica para a súa regulación.

ART. 11 – INSCRICIÓN E COTA

- a) **Cota máxima:** 3.000 dorsais dispoñibles para a carreira absoluta.
- b) **A inscrición en liña** realizarase a través da pasarela de pagamento inserida na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. Estará operativa desde a publicación deste regulamento **ata o 27 de setembro de 2026**.
- c) **Cota e prazos de inscrición:**
- Prazo reducido: ata o domingo 16 de agosto **10 €**
 - Prazo ordinario: ata o venres 25 de setembro **15 €**
 - Prazo extraordinario: 26 e 27 de setembro **25 €**.

Por razóns organizativas de recursos técnicos e humanos, así como pola calidade do servizo, é aconsellable que as persoas participantes formalicen a súa inscrición dentro dos prazos indicados.

As persoas que se inscriban no prazo extraordinario non se lles garantirá a entrega dunha camiseta xa que a produción destas débese facer coa antelación suficiente.

A organización non aceptará ningún tipo de inscrición posterior a este prazo.

- d) **Inscrición presencial:** as inscricións presenciais pódense formalizar no horario comercial do centro de El Corte Inglés (rúa Ramón y Cajal – A Coruña) ata o venres 25 de setembro.
- e) Habilitarase unha dirección de correo electrónico para atender os casos debidamente xustificadas que impidan a recollida de dorsais nas datas establecidas ao efecto.
- f) **Bonificacións:** 50% de desconto para maiores de 65 anos, persoas usuarias do Carné Xove, familias numerosas e persoas desempregadas. Para acreditar estas circunstancias será suficiente cunha declaración responsable, que se entenderá realizada no momento no que se marque a opción **“solicito bonificación”**, no formulario de inscrición en liña ou na folla de inscrición presencial. Ademais é necesario **enviarlle á Federación Galega de Atletismo os documentos que se detallan a continuación, mediante un correo electrónico a info@carreirasgalegas.com:**

- ✓ **Maiores de 65 anos:** fotocopia do DNI
- ✓ **Persoas usuarias do Carné Xove:** fotocopia do DNI e do Carné Xove



- ✓ **Persoas desempregadas:** fotocopia do DNI e informe de períodos de altas e baixas, expedido polo Servizo Público de Emprego (SEPE) antes do día da inscrición na carreira ou fotocopia da tarxeta de desemprego.
- ✓ **Familias numerosas:** título de familia numerosa

O prazo para enviar documentos por correo electrónico finalizará ás 12:00 horas do 25 de setembro do 2026, coincidindo coa fin do prazo ordinario de inscrición.

- g) A organización resérvase o dereito de modificar o período de inscrición así como o número de dorsais de carreira. Informarase dos cambios a través dos canais oficiais de comunicación.

ART. 12 - DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolución da inscrición: devolverase a cota de inscrición só no caso de lesión e/ou enfermidade, sempre e cando se presente un xustificante no que non aparezan datos de saúde, con antelación á celebración da proba, enviando un correo electrónico a info@carreirasgalegas.com.

O prazo para enviar documentos por correo electrónico finalizará ás 12:00 horas do 25 de setembro do 2026, coincidindo coa fin do prazo ordinario de inscrición.

SERVIZOS A PARTICIPANTES

ART. 13 - ENTREGA DE DORSAIS E CAMISETAS

Os/as atletas serán debidamente informados dos horarios e a localización antes do peche do prazo de inscrición. Poderanse establecer quendas de recollida para evitar calquera tipo de aglomeración.

Non se entregarán dorsais o mesmo día de carreira.

Os dorsais poden ser recollidos por unha persoa autorizada polo participante, a cal deberá presentar os datos de inscrición para fins de identificación.

ART. 14 – CAIXÓNS DE SAÍDA

Estableceranse caixóns de saída segundo os tempos indicados no formulario de inscrición (sempre en probas homologadas).

ART. 15 – ASEOS, DUCHAS E GARDARROUPA

WC PORTÁTILES: estarán a disposición aseos portátiles localizados na zona de saída/meta, e no punto de avituallamento (km 5 aprox.) do trazado de A Coruña10.

DUCHAS: Palacio dos Deportes de Riazor de 9:30 a 14:00

GARDARROUPA: especificaranse a localización e o horario do servizo de gardarroupa.

ART. 16 – AVITUALLAMENTOS E RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

Estableceranse un **punto de avituallamento durante o percorrido e outro na liña de meta** para favorecer a hidratación das persoas participantes. Calquera avituallamento fóra da zona marcada pode supoñer a descualificación da proba.

Ademais, poñeranse ao dispor dos/as corredores/as **colectores suficientes para a recollida selectiva de residuos** e que son de uso obrigatorio, polo que a non utilización destes por parte dos/as atletas poderá supoñer a descualificación.

ART. 17 - SERVICIOS MÉDICOS

A proba dispoñerá dos servizos médicos recomendados pola RFEA e de acordo coa lexislación vixente.

A organización dispoñerá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente. Todas as persoas rexistradas estarán cubertas por unha póliza de seguros de accidentes segundo o Real decreto 849/1993, do 4 de xuño, que determina as prestacións mínimas do Seguro Obrigatorio Deportivo.

Recomendámoslles a todas as persoas participantes que cubran a parte posterior do dorsal, indicando os datos de nome, apelidos, datos médicos de interese (grupo sanguíneo, alerxias,



enfermidades crónicas, se está baixo algún tratamento específico etc.) así como teléfono/s e contacto/s en caso de emerxencia.

ART. 18 – CLASIFICACIÓN

Publicaranse nas páxinas web do Concello da Coruña e FGA. Non haberá exposición física das listaxes de resultados.

PREMIOS E TROFEOS

ART. 19 – PREMIOS ECONÓMICOS

Xeral:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN*	
		HOMES	MULLERES
1.º	1000 €	Realizar 30:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
2.º	700 €	Realizar 30:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
3.º	500 €	Realizar 30:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
4.º	350 €	Realizar 30:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
5.º	250 €	Realizar 30:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos

*** No caso de non cumprir esta condición, aplicarase unha rebaixa do 50%.**


ATLETAS CON NACIONALIDADE ESPAÑOLA (PREMIO NON ACUMULABLE) ⁽¹⁾:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN*	
		HOMES	MULLERES
1.º español/a	400 €	Realizar 31:00 ou menos	Realizar 35:00 ou menos
2.º español/a	250 €	Realizar 31:00 ou menos	Realizar 35:00 ou menos
3.º español/a	150 €	Realizar 31:00 ou menos	Realizar 35:00 ou menos

*** No caso de non cumprir esta condición, aplicarase unha rebaixa do 50%.**

(1) Considerarase atleta de nacionalidade española quen presente o correspondente DNI.

ATLETAS GALEGAS/OS (PREMIO NON ACUMULABLE) ⁽²⁾:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN*	
		HOMES	MULLERES
1.º galego/a	400 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 37:00 ou menos
2.º galego/a	250 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 37:00 ou menos
3.º galego/a	150 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 37:00 ou menos

*** No caso de non cumprir esta condición, aplicarase unha rebaixa do 50%.**

(2) Consideraranse atletas galegos/as os/as empadroados/as ou nados nalgún concello de Galicia. Para poder recibir o premio, os/as atletas galegos/as premiados/as deberán remitir o seu certificado de empadramento ou documentación que acredite o lugar de nacemento ao enderezo de correo electrónico secretaria@atletismo.gal. A documentación deberá enviarse nun prazo máximo de quince (15) días naturais desde a finalización da proba.

ATLETAS CORUÑESAS E CORUÑESES (PREMIO NON ACUMULABLE) ⁽³⁾:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN*	
		HOMES	MULLERES
1.º coruñés/a	200 €	Realizar 35:00 ou menos	Realizar 40:00 ou menos
2.º coruñés/a	150 €	Realizar 35:00 ou menos	Realizar 40:00 ou menos
3.º coruñés/a	100 €	Realizar 35:00 ou menos	Realizar 40:00 ou menos

*** No caso de non cumprir esta condición, aplicarase unha rebaixa do 50%.**

(3) Consideraranse atletas coruñeses/as os/as empadroados/as ou nados no Concello da Coruña. Para poder recibir o premio, os/as atletas coruñeses/as premiados/as deberán remitir o seu certificado de empadramento ou documentación que acredite o lugar de nacemento ao enderezo de correo electrónico secretaria@atletismo.gal. A documentación deberá enviarse nun prazo máximo de quince (15) días naturais desde a finalización da proba.

Premio especial récord da proba (premio acumulable):

O/a atleta que gañe a carreira e que bata o récord da proba tanto na categoría masculina (28'09") como na feminina (31'40") obterá un premio **de 2.000 €**.

NORMAS RELATIVAS A TODOS OS PREMIOS

Os premios en metálico non serán acumulables, con excepción do récord da proba.

En caso de obter dous premios ou máis, aboarase soamente o premio de maior contía, e non será o dito premio acumulable co/s outro/s.

Por exemplo no caso da/o primeira/o galega/o obtén ademais un premio da Xeral, percibirá o importe de maior contía. En ningún caso a/o segunda/o galega/o pasará a ocupar o posto do primeiro, debido a que segue sendo o segundo galego da proba, e así sucesivamente.

Para poder recoller os premios será necesario xustificar documentalmente o ano de nacemento das persoas participantes, por medio do DNI as españolas, ou do documento legal en vigor (pasaporte) as estranxeiras. Todos os premios estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

Co obxecto de poder revisar as condicións estipuladas e atender a calquera posible reclamación, a organización resérvase a posibilidade de entregar os premios en metálico a partir do luns seguinte á data da competición. No caso de realizarse un control de dopaxe, os premios económicos quedarán retidos ata a súa resolución oficial.

ART. 20 – ENTREGA DE TROFEOS

Outorgaránselles os trofeos no escenario da entrega de premios ás **tres primeiras persoas clasificadas** de cada unha das categorías indicadas no artigo 10. E **ás tres primeiras persoas gañadoras da carreira, clasificación xeral** (feminina e masculina).

Informarase do horario da entrega de trofeos a través da web oficial

www.coruna.gal/carreraspopulares.

As/os atletas deberanse situar na zona próxima á entrega de trofeos no momento no que pola megafonía se anuncie o seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, as/os atletas que non se presenten no momento da entrega do seu trofeo, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas nomeadas. Non se lle entregará o trofeo a ningún que non sexa a/o propia/o atleta.

Agradecemoslles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que a/o atleta non está presente que o comuniquen na zona do palco de entrega de trofeos o antes posible para evitar esperas innecesarias.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberanse poñer en contacto co Servizo Municipal de Deportes, durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos. Se non se recollen no prazo sinalado, entenderase que renuncian a este.



CARREIRAS DE MENORES

ART. 21 - INSCRICIÓNS

As inscricións (gratuítas) realizaranse a través do formulario da páxina web da Federación Galega de Atletismo (www.carreirasgalegas.com) **ata a finalización do prazo ordinario: o venres 25 de setembro.**

Non se admitirá ningún/ningunha corredor/a sen estar inscrito/a e sen o dorsal correspondente co chip incorporado.

ART. 22 - CATEGORÍAS, HORARIOS E DISTANCIAS

CATEGORÍA	HORARIO*	DISTANCIA
Sub 18 (nadas/os nos anos 2009/2010)	11.45	2.500 m aprox.
Sub 16 (nadas/os nos anos 2011/2012)	12.00	2.500 m aprox.
Sub 14 feminino (nadas nos anos 2013/2014)	12.15	1.425 m aprox.
Sub 14 masculino (nados nos anos 2013/2014)	12.30	1.425 m aprox.
Sub 12 feminino (nadas nos anos 2015/2016)	12.45	845 m aprox.
Sub 12 masculino (nados nos anos 2015/2016)	12.55	845 m aprox.
Sub 10 feminino (nadas nos anos 2017/2018)	13.05	845 m aprox.
Sub 10 masculino (nadas/os nos anos 2017/2018)	13.15	845 m aprox.
Peques (nadas/os nos anos 2019 e posteriores)	13.25	150 m aprox.

*Os horarios son aproximados, dependerán do volume de participantes de cada categoría.

A organización pode facer variar carreiras en cada idade.



Atletas con discapacidade: establécense tres categorías para atletas con discapacidade, que poderán participar na categoría de menores que lles corresponda. No caso de necesitar algún tipo de adaptación na distancia para percorrer deben solicitalo ao correo electrónico info@carreirasgalegas.com

a) **Atletas en cadeira de rodas** que non teñan mecanismos nin engrenaxes que axuden á impulsión destas. Tan só está permitido o impulso cos brazos sobre o aro adherido á roda. **Non se permite handbike.**

b) **Discapacidades visuais**

c) **Discapacidades intelectuais**

No momento da inscrición deben comunicar esta circunstancia á organización, así como se desexan entrar na clasificación de atletas con discapacidade. No caso de non indicalo figurarán na táboa xeral de tempos.

Para acreditar a pertenza a algunha destas categorías hai que enviarlle unha copia da tarxeta acreditativa de discapacidade á organización, de forma que quede acreditado o envío, ao correo electrónico info@carreirasgalegas.com

As persoas participantes con discapacidade visual ou intelectual farán constar os apoios que necesitan para participar na carreira nas mellores condicións posibles. Permitirase unha persoa guía para os e as atletas con discapacidade visual. O uso de guías, ou no caso de participantes con discapacidade intelectual de atletas de apoio, debe comunicárselle con antelación á Federación Galega de Atletismo.

A participación das persoas guías e das persoas de apoio, que irán sen chip, será de balde, para o que deberán contactar coa organización a través do correo electrónico info@carreirasgalegas.com

ART. 23 - ENTREGA DE DORSAIS E CAMISETAS

Os/as atletas serán debidamente informados dos horarios e a localización antes do peche do prazo de inscrición. Poderanse establecer quendas de recollida para evitar calquera tipo de aglomeración.

Non se entregarán dorsais o mesmo día de carreira.

Os dorsais poden ser recollidos por unha persoa autorizada polo pai/nai/tutor/a legal do/da participante menor de idade, a cal deberá presentar os datos de inscrición para fins de identificación.

ART. 24 – TROFEOS

Outorgaráselles os trofeos no palco da entrega de premios ás **tres primeiras persoas clasificadas** de cada unha das categorías indicadas no artigo 22.

Informarase do horario da entrega de trofeos a través da web oficial

www.coruna.gal/carreraspopulares.

As/os atletas deberanse situar na zona próxima á entrega de trofeos no momento no que pola megafonía se anuncie o seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, as/os atletas que non se presenten no momento da entrega do seu trofeo, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas nomeadas. Non se lle entregará o trofeo a ninguén que non sexa a/o propia/o atleta.

Agradecemoslles ás persoas responsables dos menores que teñan constancia de que a/o atleta non está presente que o comuniquen na zona do palco de entrega de trofeos o antes posible para evitar esperas innecesarias.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberanse poñer en contacto co Servizo Municipal de Deportes, durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos. Se non se recollen no prazo sinalado, entenderase que renuncian a este.

Para a categoría “Peques”, a carreira é unicamente participativa e non competitiva. Todas as persoas participantes nesta categoría recibirán unha medalla.

Informarase da organización dos/das peques no momento previo á saída.

RESPONSABILIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

ART. 25 – RESPONSABILIDADE

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen sufrir as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas.

O/a participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá os incidentes inherentes á proba.

ART. 26 – LOPD

Todas as persoas corredoras, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

En todo caso, de conformidade co establecido polo artigo 5 da LOPD, infórmase o seguinte:

- a) De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos infórmase de que os datos persoais necesarios para a xestión económico contractual do servizo derivado do prego de contratación relativo á organización técnica da “CARREIRA POPULAR CORUÑA 10” na cidade da Coruña para o ano 2026 adxudicado á Federación Galega de Atletismo serán tratados baixo a responsabilidade do Concello da Coruña.

A base xurídica que lexitima o tratamento dos datos persoais é, por unha banda, o cumprimento por parte do Concello da Coruña das obrigas legais dimanantes da lexislación de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público) e, doutro lado, a formalización e execución do contrato, en caso de resultar contratista. Os seus datos non serán comunicados a terceiras persoas.

Así mesmo, infórmase de que o Concello da Coruña poderá captar imaxes xerais do evento para a súa posterior difusión en páxinas webs e redes sociais da súa propiedade conforme ao



disposto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección da persoa física no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

No caso de que o Concello da Coruña capte imaxes de persoas físicas concretas para a súa posterior difusión polos medios previamente mencionados, o Concello da Coruña solicitará o consentimento expreso das persoas interesadas conforme ao disposto na normativa anteriormente mencionada.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que puidesen derivarse da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como á portabilidade de datos, presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, na seguinte ligazón <https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/exercicio-de-dereitos-sobre-os-datos-de-caracter-persoal/contenido/1453762232714?argldioma=gl> De ser o caso, poderá poñerse en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos a través do correo electrónico delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal ou, no seu caso, fronte á Axencia Española de Protección de Datos en www.aepd.es Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/web/es/rgpd>

- b) A Federación Galega de Atletismo é o encargado do tratamento dos datos persoais no relativo a xestión económico-contractual e responsable do tratamento dos datos de carácter persoal, a efectos de tratar os datos necesarios e resultantes das distintas competicións oficiais organizadas ou nas que colabore a federación así coma na elaboración da clasificación, estatística e información dos atletas e, infórmalle de que estes datos trátanse de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril (GDPR), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento denominado: COMPETICIÓNS.



A finalidade do tratamento é tratar os datos necesarios e resultantes das distintas competicións oficiais organizadas ou nas que colabore a federación así coma a elaboración da clasificación, estatística e información dos atletas.

A lexitimación do tratamento dos datos persoais é, por unha banda, o cumprimento da execución dun contrato denominado organización técnica da “CARREIRA POPULAR CORUÑA 10” na cidade da Coruña para o ano 2026 adxudicado á Federación Galega de Atletismo en calidade de encargado de tratamento polo Concello da Coruña e doutro lado, por unha obriga legal (artigo 6.1.c GDPR) artigo 56.4.b) da Lei 3/2012, do 2 de abril de 2012, do deporte de Galicia.

Os datos de carácter persoal non serán conservados durante máis tempo do necesario para alcanzar os fins do tratamento e non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal.

Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como á portabilidade de datos, presentando un escrito ante a Federación Galega de Atletismo na dirección Praza Agustín Díaz s/n. Complexo Deportivo de Elviña, E-mail: secretaria@atletismo.gal ou ante a Autoridade de Control (www.aepd.es) informase tamén que se pode poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos da Federación de Atletismo: Ramón Santos no E-mail: ramon@nossoluciones.es

ART. 27 – COMPROMISO

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.



CONSIDERACIÓN FINAL

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

En todo caso, e por interese deportivo, a organización resérvase o dereito de convidar a atletas concretos/as, mulleres ou homes con marcas ou traxectoria deportiva que poidan aumentar a calidade da carreira.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase polas normas da FGA, RFEA, WA e ICP.